



DOMINGO 9 DE XULLO DE 2023

XX RUTA CHAIREGA

Andando por terras de... GUITIRIZ

RUTA DO RÍO REQUEIXO

Saída ás 9:30 das inmediacións da Casa da Cultura de Vilalba

XX RUTA CHAIREGA
 POR TERRAS DE GUITIRIZ
RUTA DO RÍO REQUEIXO

DOMINGO 9 DE XULLO DE 2023

Ruta do Río Requeixo 262

SAIDA Ás 9:30, en autobús, dende Inmediacións da Casa da Cultura de Vilalba

XANTAR Restaurante MERENDERO, Os Vilares

INSCRICIÓNS A calquera membro da Xunta Directiva do IESCHA, ata o xoves, 6 de xullo, ás 20h. estudoschairegos@gmail.com

PREZO ADULTOS 25 € (comida+autobús) NENOS/AS (Acompañados) 5 € (comida+autobús)

Horario - 2h 20'
 Distancia horizontal - 9,1 Km
 Desnivel subida - 71 m
 Desnivel baixada - 11 m
 Tipo de percorsido - Travesía

MIDE (Método de Información de Excursións)

MIDE

1 RISCO
 Señalización de risco
 Evitar zonas de risco
 Evitar zonas de risco
 Evitar zonas de risco

1 FERRAMENTAS
 Ferramentas necesarias para a realización da ruta
 Ferramentas necesarias para a realización da ruta
 Ferramentas necesarias para a realización da ruta

2 DESTACAMENTOS
 Destacamentos necesarios para a realización da ruta
 Destacamentos necesarios para a realización da ruta
 Destacamentos necesarios para a realización da ruta

2 ESPERDO
 Esperdo necesario para a realización da ruta
 Esperdo necesario para a realización da ruta
 Esperdo necesario para a realización da ruta

RUTA SINHALIZADA

Continuidade da ruta
 Cambio de dirección
 Dirección trabucada
 Derivación da ruta

O domingo 9 de xullo de 2023, o IESCHA organiza a XX RUTA CHAIREGA que recorrerá nesta ocasión as terras de Guitiriz, pola Ruta do Río Requeixo.

DESCRICIÓN

“O inicio oficial da ruta é a Ponte de Roca, preto de onde o río se une ao Parga, á altura da casa dos peóns camineros, entre os puntos quilómetros 533 e 534 da N-6.

Hai paneis sobre o río e achados, xacementos ou construcións da zona. Outros ofrecen datos dos muíños (Novos, Chispa, A Casanova, da Locencia, de Merra de Abaixo, Ponte Barreiro) erguidos entre o XIX e o XX, dos regatos (de Parga, Illó, do Mato) e das pontes e pasos de pedra...

A Ruta do Río Requeixo de Guitiriz ten como sinais de identidade a natureza envolvente e atemporal, as estruturas construídas polos veciños da zona ao longo do tempo para sortear o río e os restos dos muíños que outrora eran punto de encontro, alimentados por esas augas que o unifican todo.

Dende a ponte de Roca, na parroquia de Roca, onde o río leva ese nome, ata a Ponte do Porto dos Bois (ou viceversa), linde entre Os Vilares e O Buriz, pasando por Trasparga, Santa Cruz e San Salvador, o camiñante remonta o río (ou segue o seu curso) en nove quilómetros para ver... e sentir.

O son do tráfico constante ao pasar baixo o gran viaduto da A-6, a estampa dunha fábrica e un par de vías asfaltadas son o único indicativo real de urbanización. O resto, como diría Manuel María,

é soedá. Unha casa aquí e outra acolá, cans, vacas, cabalos, cabras e ovellas..., ferverzas, valados, árbores, pedra e as cores das estacións fanlle compañía e ese andante que coma o poeta, só pode medir os seus pasos en ferrados de corazón e fanegas de alma.”

(CRISTINA PÉREZ, <https://www.elprogreso.es/articulo/a-chaire/ruta-do-rio-requeixo-natureza-etnografia-quilometros/202204071626071569347.html>)

Ao finalizar a ruta, terá lugar o xantar, nesta ocasión será servido no restaurante Merendero, nos Vilares.

A cuota a pagar será de 25 € por adulto (menores acompañados, 5€) (inclúe a comida e o autobús).

O traslado dos participantes farase en autobús dende Vilalba ata o inicio da ruta en Roca, saíndo das inmediacións da Casa da Cultura ás 9:30 horas e retornando á tardiña.

Os/as interesados/as poden apuntarse contactando con calquera membro da Xunta Directiva do IESCHA, ou por correo electrónico (estudoschairegos@gmail.com), como moito, ata xoves, día 6 de xullo, ás 20:00 horas.